



**PLAN DE TRABAJO PROXECTO COMPETENCIAL.
1º PRIMARIA. CURSO 2024-2025
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 1º NIVEL**

MATERIAIS:

- Recursos interactivos (buscadores en liña, vídeos...)
- Fichas fotocopiáveis e de elaboración propia para os proxectos.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Libros de consulta
- Material funxible para a creación do proxecto.

PLAN DE TRABAJO:

Os bloques de contidos a través dos cales traballaremos na área de Proxecto Competencial serán:

- Bloque 1. Definición de proxectos.
- Bloque 2. Execución de proxectos.
- Bloque 3. Presentación de proxectos.

Para o seu desenvolvemento realizaremos un proxecto anual relacionado co horto do colexio, co fin de que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo, resolver os problemas de forma conxunta e executar e expoñer o seu proxecto.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

O desenvolvemento dos bloques de contidos citados no apartado anterior farase de maneira progresiva, a través do seguinte plan de traballo:



1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> ○ Choiva de ideas: que sabemos sobre o horto e que queremos saber. ○ Fase de investigación: procura e selección da información relacionada co proxecto (libros, revistas, vídeos...) ○ Decisión do que queremos cultivar. ○ Preparación de carteis. ○ Planificación do traballo: secuenciación, temporalización e roles. 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Execución do proxecto: mans á obra. (traballamos e coidamos o horto). ○ Coñecemos máis sobre as froitas ou verduras que cultivamos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Recolecta dos nosos produtos e análise dos resultados. ● Presentación do produto final do proxecto.

AVALIACIÓN:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.



Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de In (Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresaínte). A estes termos achegarásenos, con carácter informativo, unha cualificación numérica, nunha escala do 1 ao 10.

